Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social, no ano 2018, aos concellos do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos e Sarria

- 58293 (10/PRE-017971)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural, no ano 2018, aos concellos do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos e Sarria

- 58294 (10/PRE-017972)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia Turismo de Galicia, no ano 2018, aos concellos do Incio, Láncara, Paradela, O Páramo, Samos e Sarria

- 58295 (10/PRE-017973)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58296 (10/PRE-017974)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58297 (10/PRE-017975)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58298 (10/PRE-017976)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober



- 58299 (10/PRE-017977)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58300 (10/PRE-017978)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Cultura e Turismo, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58301 (10/PRE-017979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58302 (10/PRE-017980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Política Social, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58303 (10/PRE-017981)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería do Medio Rural, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58304 (10/PRE-017982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Axencia Turismo de Galicia, no ano 2018, aos concellos de Bóveda, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, Pantón, A Pobra do Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober

- 58312 (10/PRE-017983)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción



Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58313 (10/PRE-017984)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58314 (10/PRE-017985)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58315 (10/PRE-017986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58316 (10/PRE-017987)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58317 (10/PRE-017988)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Cultura e Turismo, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58318 (10/PRE-017989)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58319 (10/PRE-017990)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Política Social, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela



- 58320 (10/PRE-017991)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58321 (10/PRE-017992)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería do Mar, no ano 2018, coa Universidade de Santiago de Compostela

- 58322 (10/PRE-017993)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58323 (10/PRE-017994)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58324 (10/PRE-017995)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58325 (10/PRE-017996)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58326 (10/PRE-017997)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería Educación, Universidade e Formación Profesional, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58327 (10/PRE-017998)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Cultura e Turismo, no ano 2018, coa Universidade da Coruña



- 58328 (10/PRE-017999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58330 (10/PRE-018000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Política Social, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58331 (10/PRE-018001)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58332 (10/PRE-018002)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería do Mar, no ano 2018, coa Universidade da Coruña

- 58333 (10/PRE-018003)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58334 (10/PRE-018004)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58335 (10/PRE-018005)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58336 (10/PRE-018006)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, no ano 2018, coa Universidade de Vigo



- 58337 (10/PRE-018007)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58338 (10/PRE-018008)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Cultura e Turismo, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58339 (10/PRE-018009)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Sanidade, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58340 (10/PRE-018010)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería de Política Social, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58341 (10/PRE-018011)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería do Medio Rural, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58342 (10/PRE-018012)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios ou protocolos de colaboración asinados pola Consellería do Mar, no ano 2018, coa Universidade de Vigo

- 58365 (10/PRE-018013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción

Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, no ano 2018, ao Concello de Lugo

- 58366 (10/PRE-018014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción



Sobre os datos referidos aos convenios, subvencións e axudas de calquera tipo outorgadas pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no ano 2018, aos concellos de Baralla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Outeiro de Rei e Portomarín

- 58367 (10/PRE-018015)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Quinteiro Araújo, Paula e Jove González, Xan Xosé

Sobre o posible requirimento pola Xunta de Galicia do inminente peche do Centro Abeiro, na Coruña, creado para cubrir as necesidades de descanso, hixiene e acompañamento social das persoas sen fogar que non cumpren as condicións para seren acollidas noutros servizos, as razóns desta decisión e, se é o caso, a proposta dalgunha alternativa para as persoas usuarias

- 58370 (10/PRE-018016)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Solla Fernández, Eva

Sobre as previsións do Goberno galego referidas ao aumento do número de logopedas no Sergas, a data estimada para dotar deste servizo as residencias de persoas maiores e centros de día, así como as razóns existentes para non permitir a incorporación desta profesión ao Consello Asesor de Atención Primaria

- 58378 (10/PRE-018017)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Chao Pérez, Luca e Cuña Bóveda, María de los Ángeles

Sobre a avaliación que fai o Goberno galego en relación cos casos de intoxicación alimentaria acontecidos en nove centros educativos de primaria e secundaria de Pontevedra e Marín, as razóns da repetición do mesmo tipo de intoxicación que a rexistrada en cinco garderías da rede Galiña Azul, as actuacións levadas a cabo, así como o protocolo implementado ao respecto

- 58386 (10/PRE-018018)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a avaliación da Consellería do Mar en relación coa proposta formulada pola Comisión Europea para a fixación dos totais admisibles de capturas (TAC) e cotas para o ano 2020, as actuacións levadas a cabo para defender o sector pesqueiro galego no proceso de negociación desenvolvido ao respecto, así como as medidas que vai adoptar para defender a capacidade produtiva e o emprego da frota galega

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade de que a Xunta de Galiza garanta un servizo sanitario de Atención Primaria digno para o Concello da Teixeira.

En outubro de 2019 tívose coñecemento de que o médico que viña atendendo de forma ordinaria o Centro de Saúde da Teixeira toda vez que esta se incorpora a partir do 26 de outubro a centro tras conseguir a praza.

Para o BNG feitos como que no momento de asinar esta iniciativa non estea confirmado que outra ou outro facultativo vaia substituír esa persoa durante a totalidade da súa xornada é un feito grave. Malia que o propio médico en orixe ten comunicado á veciñanza a súa intención de solicitar, se é posíbel, unha comisión de servizos e mesmo o alcalde do Concello manifestou en declaracións á prensa a súa intención de pedir que este asunto se axilice, esta conduta irresponsábel por parte da Xunta de Galiza non parece un bo indicador.

Nestes momentos a alternativa que fornece o SERGAS é que o médico de Parada de Sil se desprace para unha atención menor durante unhas escasas horas.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego manifesta a súa preocupación por este asunto e defende que o Concello da Teixeira debe ter un médico





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou médica a tempo completo no seu Centro de Saúde sen que se acabe obrigando á poboación a desprazarse para cuestións básicas até Castro Caldelas.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Comprométese o goberno galego a garantir un/unha médica a xornada completa no Centro de Saúde da Teixeira?

-Cal é a razón pola que o SERGAS non se anticipou a esta necesidade?

-Considera o goberno galego que a súa atención ao rural ourensán é suficiente?

-Considera o goberno galego que a atención ao Macizo Central en termos sanitarios é óptima e constitúe unha aposta por unha “lexislatura do rural”?

-É consciente o Goberno galego da situación de abandono na que fica a poboación da Teixeira en canto non se cobre a praza de forma completa?

-Ten previsto a Xunta adoptar algunha medida urxente para a reposición do posto?

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 24/10/2019 18:31:31

Xosé Luis Bará Torres na data 24/10/2019 18:31:40

María Montserrat Prado Cores na data 24/10/2019 18:31:45

Olalla Rodil Fernández na data 24/10/2019 18:31:52

Xosé Luis Rivas Cruz na data 24/10/2019 18:31:59

Ana Pontón Mondelo na data 24/10/2019 18:32:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, relativa ao seguimento da adherencia terapéutica.

O correcto cumprimento por parte das persoas doentes dos tratamentos que prescriben os e as profesionais sanitarios resulta un elemento imprescindible para a remisión ou control dos problemas de saúde. Por iso o control da adherencia terapéutica é importante para o seu seguimento.

Os motivos de abandono dos tratamentos son diversos, mais existe un socialmente moi preocupante como é a pobreza farmacéutica.

Os niveis elevados de pobreza alcanzados en Galicia, que neste momento se tratan de medio millón de persoas cando menos, dificulta dita adherencia. Situación que empeorou desde 2012 coa entrada en vigor das medidas do RD 16/2012 que afectaron especialmente ás persoas pensionistas e á maioría que viven das rendas do seu traballo.

Segundo os datos do CIS o 3,9% da poboación galega non pode continuar cos seus tratamentos por motivos económicos. En torno a 100.000 galegas e galegos precisan atención e medidas por parte do Executivo para mudar esta situación.



Durante a tramitación da Lei 3/2019 de ordenación farmacéutica de Galicia, o noso grupo parlamentar propuxo a necesidade de controlar a adherencia terapéutica en relación á pobreza farmacéutica, mais as emendas foron rexeitadas privándonos da posibilidade de controlar e abordar a realidade de milleiros de persoas.

Polo anterior, preséntanse as seguintes preguntas:

- 1.- Parécelle un problema á Xunta a pobreza farmacéutica ?
- 2.- Van tomar algún tipo de medida para atallala e controlala?
- 3.- Baralla a Xunta de Galicia poñer en marcha algún sistema de alertas ante a falta de retirada dos tratamentos prescritos que permita trasladar esta información ao sistema público para atender os problemas socioeconómicos?

Santiago de Compostela, 23 de Outubro de 2019

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 25/10/2019 12:50:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

Os recortes que o Goberno galego está aplicando en materia de sanidade están provocando un deterioro continuado do sistema sanitario público.

Dentro dos recortes, o persoal é dos principais afectados, sendo sistemática a redución de profesionais, o que significa maior carga de traballo e que a calidade asistencial tamén se vexa afectada.

A asistencia pediátrica é un servizo do sistema público de saúde que sofre con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación de consultas e moita poboación infantil que non é atendida por facultativ@s de pediatría, co que significa de peor calidade asistencial.

Un lugar onde se están detectando problemas e queixas é no concello de Fene. O servizo de pediatría no PAC de Fene vén sufrindo problemas de atención pola falla de persoal, o PAC conta con 2 prazas de pediatra que están vacantes.

O servizo que conta con dúas pediatras, teoricamente, leva desde setembro coas prazas sen cubrir e até este momento o Sergas non deu ningunha opción satisfactoria para solucionar esta situación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante deste problema, pais e nais usuarios/as do PAC enviaron numerosas queixas ao Sergas pola vía ordinaria, e as respostas foron tan pintorescas como que acudisen as crianzas de 0 a 3 ás urxencias do CHUF A. Marcide ,e os demais a calquera dos médicos de familia do centro de saúde que lles corresponda, Fene, Maniños ou A Capela. A xerencia do Sergas de Ferrol foi máis aló e prega por escrito paciencia e comprensión porque que non hai pediatras dispoñibles.

En definitiva, falamos dunha poboación pediátrica de 1.700 persoas que precisan unha resposta áxil do Sergas e non evasivas.

A saúde é un dereito fundamental, e para que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade, é preciso contar co persoal necesario. Desde o convencemento de que non hai asistencia sanitaria sen profesionais suficientes que a presten, formulamos as seguintes preguntas para resposta escrita:

Como valora o Goberno galego que no concello de Fene estean sen cubrir as dúas prazas de pediatría no centro de saúde ?

Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendid@ @s nen@s do concello de Fene?

Van atender as demandas da veciñanza de Fene e proceder a substituír @s pediatras?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 25/10/2019 13:07:22

Xosé Luis Bará Torres na data 25/10/2019 13:07:39

Noa Presas Bergantiños na data 25/10/2019 13:07:45

Olalla Rodil Fernández na data 25/10/2019 13:07:54

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/10/2019 13:08:04

Ana Pontón Mondelo na data 25/10/2019 13:08:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Quinteiro Araújo, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa reposta escrita**.

O venres 18 de outubro, cinco garderías da rede da Galiña Azul, dependentes do Consorcio Galego de Benestar Social, advertiron de numerosas intoxicacións provocadas polo menú do día. Nenos e nenas das escolas infantís de A Choupana e O Hío, en Cangas, e de Arteixo, Eirís e A Sardiñeira, en Coruña, experimentaron unha serie de reaccións alérxicas que puxeron en alerta aos mestres e mestras dos centros.

Posteriormente, o persoal de Saúde Pública confirmou que o pescado que comeran, palometa, (tanto cru como cocinado) contiña histamina, unha substancia que aparece cando se degrada a histidina, un aminoácido esencial en animais. Segundo o Goberno, a causa máis plausible da aparición da histamina é a ruptura da cadea do frío do alimento.

Non obstante, o xoves 10 de outubro, no centro de A Choupana, producírase xa un brote de intoxicación que afectara a cinco rapaces. Ese día o menú non consistira en pescado, senón en brócoli con ovos e macarróns con polo.

Tódolos anos insistimos na importancia que teñen os comedores escolares no fomento de hábitos de vida saudables. Cómpre que o Goberno galego o asuma de inmediato e adopte medidas urxentes para impedir que casos como os citados se volvan producir.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Por todo o exposto, a deputada asinante presenta as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

- Que avaliación fai a Xunta de Galicia do acontecido?
- Que medidas pensa adoptar a Xunta de Galicia para evitar que algo semellante non volva acontecer?
- Acometeu algún tipo de sanción a Xunta de Galicia nos últimos anos fronte empresas que tiveran causado algún tipo de intoxicación alimentaria nos centros escolares?

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2019.

Asdo.: Paula Quinteiro Araújo

Deputada do G.P. Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Paula Quinteiro Araújo na data 25/10/2019 13:47:30



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

Recentemente tiñamos coñecemento de que en a lo menos nove escolas infantís situadas nos concellos de A Coruña, Fene, Arteixo, Muros, Mazaricos, Boiro, Choupana e Hío, todas elas pertencentes á rede Galiña Azul, xestionadas pola Xunta de Galicia, déronse casos dunha reacción en bebés tras consumir o menú escolar. Aínda que a comida elabórase nos propios centros, unha mesma empresa encárgase de xestionar o persoal, e as compras en todos eles.

Polo de agora non se determinou o número exacto de bebés intoxicados, nin o goberno galego descarta que poida haber máis centros afectados. Segundo afirmou o propio Presidente da Xunta, todo apunta a que a causa desta reacción sería o peixe servido na comida, que podería presentar, *“un nivel alto de toxinas posiblemente debido a rotura da cadea de frío durante a súa conservación”*.

A infancia é a etapa da vida máis importante, xa que nela prodúcese cambios constantemente; as escolas infantís dependentes da administración pública, non só teñen que alimentar correctamente aos máis pequenos e pequenas tendo en conta as distintas necesidades (menús especiais, tendencias...), senón que deben garantir a seguridade alimentaria, e favorecer as condicións que permitan a adquisición progresiva duns hábitos alimentarios saudables, e unha boa relación coa comida.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Que información pode aportar o goberno galego sobre a reacción provocada en bebés tras consumir o menú escolar en algúns centros dependentes da rede Galiña Azul?
2. Cal foi a causa desta reacción?
3. Cantos bebés resultaron afectados?
4. En cantos centros se detectou esta reacción?
5. Tras coñecer estes feitos, que inspeccións puxo en marcha a Xunta de Galicia?
6. Inspeccionáronse as cociñas das Galiñas Azuis afectadas?



7. Realizáronse inspeccións nos provedores da empresa encargada de xestionar as compras?
8. Cal é o resultado de ditas inspeccións?
9. Vai interpoñer a Xunta de Galicia algunha sanción por estes feitos?
10. Cantas inspeccións ordinarias se realizaron durante o ano 2018 nos centros dependentes da Galiña Azul afectados por esta reacción?
11. Que medidas vai tomar o goberno galego para evitar que se volvan a repetir casos de intoxicación en escolas infantís?
12. Está facendo o Goberno galego todo o posible para garantir a seguridade alimentaria dos máis pequenos?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/10/2019 17:55:17

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2019 17:55:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

No Consello da Xunta de Galicia do día 16 de xaneiro do ano 2014 anunciouse a adxudicación das obras de ampliación do Hospital de Ourense, indicando que a data de inicio das mesmas sería no primeiro trimestre dese mesmo ano, e a data de finalización a mediados do ano 2016, é dicir 26 meses de prazo de execución. As instalacións da ampliación do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUOU) puxéronse finalmente en marcha unha vez rematadas as obras en outubro de 2017 (cun retraso dun ano e sete meses a respecto da data prevista), e de que o Concello de Ourense concedese a licenza de ocupación e apertura do novo edificio de hospitalización.

Dende a súa posta en marcha, o persoal do CHUOU ten denunciado en reiteradas ocasións graves deficiencias desta nova infraestrutura. Ademais, os edificios antigos do complexo acumulan dende hai anos graves deficiencias pola falla de investimentos nos traballos de mantemento e de remodelación das instalacións, que en algún caso puxeron en risco a seguridade dos traballadores e traballadoras.

Recentemente, o comité de empresa do CHUOU trasladou á opinión pública as condicións de precariedade laboral que se manifesta no traballo diario do persoal de Medicina Interna. Falta de persoal e medios materiais son a tónica habitual nas condicións de traballo desta especialidade médica que abrangue máis do 50 % dos ingresos que se producen no hospital, de feito perdéronse coa unificación do ano 2017 catro profesionais, dúas enfermeiras e dúas auxiliares, emprazando a súa reposición ao seguinte exercicio e estando sen as mesmas ata o momento actual, dous anos despois.

Algunhas das cuestións que denuncian os traballadores e traballadoras deste servizo son dende o punto de vista do grupo socialista moi graves: *“faltas continuas de medicación e materiais, falta de comunicación e de organización de traballo por non ter directrices claras, que provocan que a asistencia se realice de forma apresurada e cunhas mínimas condicións de seguridade.*

Outro dos puntos reclamados polo persoal con asiduidade é a falta de limpeza na quenda de noite, algo que tamén se viu afectado co traslado ao novo hospital,



non producíndose o baleirado de cubos de lixo nas habitacións pola falta de persoal deste colectivo.

Nas condicións nas que o persoal ven desempeñando a súa labor non se pode garantir a asistencia en condicións de calidade e, sobre todo, seguridade.”

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para a súa resposta escrita:

1. Como valora o Goberno galego as denuncias recentes do comité de empresa do CHUOU, a respecto da falla de persoal no servizo de Medicina Interna deste complexo hospitalario?
2. Considera a Xunta de Galicia que nas condicións nas que está traballando o persoal do servizo de Medicina Interna do CHUOU se pode garantir unha asistencia de calidade?
3. Cantas traballadoras e traballadores do servizo de limpeza realizan durante as quendas de fin de semana a súa labor exclusivamente no servizo de Medicina Interna?
4. Cantas traballadoras e traballadores do servizo de limpeza realizan durante a quenda de noite a súa labor exclusivamente no servizo de Medicina Interna?
5. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar medidas para mellora a atención no servizo de Medicina Interna do CHUOU?
6. En caso afirmativo, que medidas ten previsto poñer en marcha?

Pazo do Parlamento, 25 de outubro de 2019

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez

Julio Torrado Quintela

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 25/10/2019 18:06:06





PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/10/2019 18:07:39
Nº Registro: 58154
Data envío: 25/10/2019 18:07:39.335

Julio Torrado Quintela na data 25/10/2019 18:06:14

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPGAgZGIDOAMr6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Pérez Seco e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

A cobertura de redes de banda ancha de 100 Mbps en España alcanzou en xuño de 2018 o 80,9 % da poboación, o que supón cinco puntos máis en comparación co mesmo mes de 2017, pero Galicia sitúase como segunda comunidade con menor implantación, xa que unicamente alcanza o 61,5 %. Só Extremadura conta cunha porcentaxe máis baixa (55,6 %).

O pasado mes de xuño de 2018 por parte da directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), coas actuacións postas en marcha por parte da Xunta de Galicia no marco do Plan de Banda Larga 2020 dotarase, neste ano 2019, de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido, o que suporá unha mellora tanxible nas conexións a Internet aos veciños.

As obras van con atraso sobre o previsto, pois en conversas do 23 de xaneiro, entre o concello e Amtega, desde Amtega dicían que a operadora Movistar lles dicía que estaría listo en setembro, a día de hoxe, 23 de outubro, aínda están traendo o cable desde Moeche e adaptando caixas en Felgosas, non así en Porto.

Ademais, Cerdido é un dos concellos españois elixidos pola Comisión Europea na primeira convocatoria da súa iniciativa Wifi4EU (Wifi para Europa), un programa comunitario de axudas para instalar puntos de wifi gratuítos nos espazos públicos.

Por iso o deputado e a deputada que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cales son os motivos do atraso nas obras de dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido?

2ª) Cal é o prazo previsto pola Xunta de Galicia para rematar a dotación de cobertura de fibra óptica de Telefónica de cando menos 100 Mbps aos núcleos de Felgosas e Porto no concello de Cerdido?



3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia seguir avanzando na extensión da banda ancha no concello de Cerdido, en caso afirmativo, cales son os prazos e os núcleos?

Pazo do Parlamento, 28 de outubro de 2019

Asinado dixitalmente por:

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/10/2019 10:52:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/10/2019 10:52:18



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández e Ánxeles Cuña Bóveda, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do artigo 157 do Regulamento do Parlamento, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta escrita**, relativa á situación da cociña do CHUO.

A situación do servizo de cociña no hospital de Ourense é a todas luces incomprendible. A demora na apertura das novas instalacións de custe millonario carece de xustificación e obriga a manter o servizo nunhas dependencias nas que son habituais os accidentes laborais polo deterioro da maquinaria e chans, na que parte da propia maquinaria non funciona correctamente e na que ademais non hai un correcto control de pragas, advertíndose a presenza de roedores.

Por outra parte, os traballadores e traballadoras do servizo teñen denunciado as sospeitas de redución de cadro de persoal na unidade cando se acometa a apertura das novas instalacións. Esta medida suporía un incremento innecesario da carga de traballo do persoal, sendo ademais unha decisión tomada sen observar o funcionamento da nova unidade.

O Conselleiro de Sanidade parece ter confirmado este extremo, xa que confirmou que se ían reducir as presenzas por quenda, isto é, haberá menos persoal no servizo das categorías que actualmente traballan nel.

Cabe lembrar a elevada precariedade no mesmo, xa que por exemplo na categoría de pinches de cociña a porcentaxe de persoal titular de praza é inferior ao 23% do



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

total.

Ademais disto prevese a xubilación do xefe de Cociña, polo que a Consellería debера ter preparado de xeito transparente o procedemento para o seu relevo.

Ante todo o exposto, **preguntamos:**

- 1.- Cal vai ser o número total de pinches de cociña que presten servizo na nova cociña do CHUO? Cales van ser o número de presenzas por quenda?
- 2.- Cal vai ser o número total de cociñeiros/as que presten servizo na nova cociña do CHUO? Cales van ser o número de presenzas por quenda?
- 3.- Onde se pode consultar o plan funcional que recolla a situación da cociña e o seu cadro de persoal?
- 4.- Como se vai proceder para substituír ao xefe de Cociña unha vez se comunique a súa xubilación?
- 5.- Cando teñen pensado proceder á apertura da nova cociña?

Santiago de Compostela, 28 de Outubro de 2019

Asdo. Eva Solla Fernández

Ánxeles Cuña Bóveda

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda.



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/10/2019 14:27:39

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 28/10/2019 14:27:51



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**.

Os problemas no Servizo Galego de Saúde en relación á xestión en materia de persoal son bastante numerosos e afectan a moitas categorías e profesionais. Un exemplo destes problemas é o que está a acontecer cos celadores e celadoras, que xa fai anos tiveron que levar a cabo mobilizacións para que non se privatizasen os seus postos.

Actualmente, están a denunciar a falta de convocatoria das prazas necesarias na súa categoría, especialmente na Atención Primaria, pero sobre todo a amortización das súas prazas e a reconversión das mesmas en outra categoría. Unha situación que camiña máis cara a extinción das prazas de celadores que a dotación nos Sergas de persoal suficiente nesa categoría.

Ademais, a nivel estatal o Real Decreto 1700/2011 reconece a categoría de persoal sanitario para celadores e celadoras, unha cuestión que aínda está pendente de desenvolvemento e que implicaría a necesidade de regular un ciclo medio para a formación dos mesmos.

Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda presenta as seguintes PREGUNTAS:

- Cale é o motivo de estar amortizando prazas de celadores?
- Por que as están a cubrir con outra categoría?



GRUPO COMÚN DA ESQUERDA

- Por que non están incluídos os celadores na comisións de Atención Primaria?
- Que xestións ten feito o Goberno en relación ao desenvolvemento do Real Decreto 1700/2011?
- Que xestións pensa facer para que esta categoría sexa recoñecida como persoal sanitario coa correspondente formación?

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. do Grupo Común da Esquerda.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 28/10/2019 18:45:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

A recente mobilización veciñal promovida pola Plataforma Casalonga Limpa de Residuos, celebrada o pasado domingo 27 de outubro, no que se congregou a máis de 3.000 veciños, volve, e por enésima vez, poñer o foco de atención nunha situación de verdadeiro escándalo do que está acontecendo con determinadas actividades vinculadas ao sector dos residuos e de supostas restauracións de canteiras.

Cabe destacar que na canteira de Casalonga, a empresa promotora, ao mesmo tempo que tramita as respectivas autorizacións, está desenvolvendo actividades de labores e operacións para as que non ten permiso, a expensas da resolución da administración. Neste sentido, iniciou a semana pasada o baleirado directo das augas, acumuladas nas lagoas artificiais alí rexeneradas, polos regatos abaixo, e da que pensamos se trata de destruír o que hoxe supón a mellor opción de restauración ambiental da canteira, por estar esta restauración case consumada (da que só precisaría dunhas mínimas intervencións de acondicionamento ecolóxico pouco complexas, para un resultado de recuperación ecolóxica





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

completo e satisfactorio), pois de manterse, suporía un serio obstáculo aos seus plans de presentar e defender unha restauración ambiental mediante o recheo por valorización de residuos de construción, nunha operación que agocha unha verdadeira actividade comercial de retirar residuos mediante depósito (o que vén sendo un vertedoiro).

Mais non só temos o exemplo desta canteira de Teo, da que existe o xa citado movemento veciñal que está a darlle resonancia a problemática, senón, tamén, sabemos que existen outras canteiras con actividades moi pouco transparentes, e tamén denunciadas, máis que interesadamente, ou non, pasan inadvertidas as gravísimas problemáticas que se agochan detrás, das que non transcende moito ao público.

Diante disto preguntámonos se a administración está ao tanto destas situacións, e se é así que está a facer no exercicio das súas responsabilidades no tocante a garantir a protección da poboación e do medio. Mais temos dúbidas, á vista dos impactos que se aprecian, moitos deles mesmo neste momento, e ante o coñecemento de denuncias presentadas incluso por asociacións que representan ao propio sector, do que realmente está acontecendo con algunhas canteiras que están funcionando como posibles “vertedoiros ilegais comerciais”, pois aínda tendo autorización para “restauración” ou coma “plantas de reciclaxe de RCD”, na práctica son auténticos vertedoiros. Con casos coñecidos nas provincias de A Coruña, Pontevedra, ou Lugo. Neste último, parécenos moi grave, e dubidamos que exista o cumprimento de legalidade algunha, o que está sucedendo co oco mineiro presente en Santa María de Bóveda, nos que se verten directamente sobre un oco anegado de auga miles de toneladas de residuos de obras sen a máis





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

mínima clasificación, e no que vai parar todo tipo de RCD, lixo industrial, uralita, plásticos, etc. E do que lles convidamos que busquen fotografías e vídeos actualizados existentes nas redes que dan testemuño fiel do que alí está ocorrendo. E así, temos outros varios casos, e dos que demandamos da Administración que se poña as pilas para poñer fin a estas intolerables actividades ilegais.

Estes feitos, o que poñen en claro é que temos un gravísimo problema coa aplicación da normativa estatal do Real Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras, así como do RD 105/2008 de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición. Na práctica están servindo coma un coadeiro normativo para que algunhas empresas do sector dos residuos dispoñan de canteiras para executar a súa actividade coma vertedoiros comerciais, vestidos de supostos plans de restauración. Un problema que presumimos que se acrecentará unha vez que se aprobe a modificación que está en curso, por parte do actual goberno do Estado, do Real Decreto 1481/2001, de 27 de decembro, polo que se regula a eliminación de residuos mediante depósito en vertedoiro.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cal é a situación administrativa na que se atopa a canteira da Casalonga?
- Hai algún expediente de investigación aberto á empresa que desenvolve a actividade na canteira? Se é así, cal é o resultado do mesmo?
- Que autorizacións ten solicitado a empresa e para que fin e en que situación se atopan as mesmas?
- Cantos casos de investigación de infraccións ten nestes momentos abertos a Xunta de Galiza con relación a operacións de restauración con residuos en canteiras do país e plantas de reciclaxe de RCD?

Santiago de Compostela, 29 de outubro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Olalla Rodil Fernández
Noa Presas Bergantiños
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 29/10/2019 11:03:44

María Montserrat Prado Cores na data 29/10/2019 11:03:52

Noa Presas Bergantiños na data 29/10/2019 11:03:59

Olalla Rodil Fernández na data 29/10/2019 11:04:06

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/10/2019 11:04:13

Ana Pontón Mondelo na data 29/10/2019 11:04:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á necesidade da restitución inmediata do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo constancia dun novo agravio do goberno de Núñez Feijóo contra o sistema público de atención á saúde, neste caso unha situación que afecta ao Centro de Saúde de Celanova e, por extensión, a poboacións do arredor.

